

COMO ATOPAR ...

... un libro?

Busca en Crunia, anota a sinatura[•] e diríxete aos andeis para collelo. Podes ir tamén directamente aos andeis e botar unha ollada: teñen carteis indicando os seus contidos.

[•] A sinatura é unha etiqueta cunha combinación de letras e números. Está pegada no lombo dos libros e indica a súa posición nos andeis da biblioteca.

... unha revista?

Busca en Crunia ou na sección de revistas electrónicas da web do Servizo de Biblioteca: udc.es/biblioteca/recursos_informacion/revistas_electronicas.

... artigos de revista?

Busca en Crunia ou consulta bases de datos como Web of Science ou Scopus. Tamén podes consultar as plataformas de editoriais como Elsevier, Springer Nature ou Wiley.

... mapas, CD ou DVD?

Busca en Crunia, anota a sinatura e diríxete ao mostrador para recoller alí eses materiais.


... bibliografía recomendada?

Selecciona esa opción en Crunia e utiliza os diferentes filtros de procura (grafo, materia). Tamén podes consultar esa sección na nosa web.

OUTROS SERVIZOS DE INTERESE

- Aulas de estudio na UDC udc.es/estudiantes/aulas_estudio
- WiFi axudatic.udc.gal

PLANO DA BIBLIOTECA



- DEPÓSITO
- MOSTRADOR
- OBRAS DE REFERENCIA/DIVULGACIÓN
- LIBROS
- DESPACHO
- REVISTAS
- MESAS PARA TRABALLO EN GRUPO
- POSTOS DE LECTURA
- ESPAZO PARA EXPOSICIÓN
- ORDENADORES



GUÍA BÁSICA DA BIBLIOTECA

Biblioteca da Facultade de Ciencias
Campus da Zapateira, s/n
15071 A Coruña

881 012 059

ciencias.bib@udc.es

udc.es/biblioteca.ciencias

Na biblioteca atoparás libros, revistas, mapas, teses de licenciatura, CD, DVD, etc. Tamén poderás acceder en liña a todos os recursos electrónicos subscritos pola Universidade da Coruña (UDC).

A biblioteca ofréceche a información necesaria para completar os teus apuntamentos e para realizar os teus traballos de clase e as túas prácticas.

HORARIO

Período lectivo: 08:30 – 21:30 (luns a venres)

O horario poderá variar nos períodos de vacacións de Nadal, Semana Santa e verán.

Comunicarémosvos calquera cambio no horario a través de carteis na biblioteca e polas redes sociais.

ORGANIZACIÓN

A biblioteca ten dúas plantas:

- Planta baixa: aquí atópase o mostrador de atención ao público, onde podes levar/devolver libros en préstamo ou preguntarnos por calquera tipo de información. Ademais, hai ordenadores para consultar as nosas coleccións en Crunia crunia.udc.gal e os recursos en liña. Aquí tamén se atopan as exposicións temporais organizadas pola biblioteca.
- Primeira planta: aquí está a hemeroteca, con revistas de carácter científico e tamén divulgativo.

Os andeis con libros distribúense nas dúas plantas; están numerados e teñen carteis que indican o seu contido.

POSTOS DE LECTURA

A biblioteca dispón de 28 mesas de estudo, a maioría delas con luz e enchufes integrados; en total, a biblioteca conta con 160 postos de lectura.

PRÉSTAMO

Para levar un libro en préstamo, deberás presentar ao persoal do mostrador a túa tarxeta universitaria udc.es/tui ou o teu DNI.

O número de libros que se poden levar en préstamo, así como a súa duración, varían segundo o tipo de usuario; os **estudantes de grao** poden levar prestados ata 10 libros á vez, durante 10 días.

Se estás interesado nun libro, estea prestado ou non, poderás reservalo. As **reservas** pódense facer de dúas maneiras:

- Achegándote ao mostrador da biblioteca.
- En liña, en crunia.udc.gal, iniciando sesión na túa conta da biblioteca coas túas credenciais da UDC.

Cando os libros reservados estean listos para ser recollidos, recibirás un aviso por correo electrónico. Ten en conta que as reservas só se gardan durante 48 horas; poderás recollellas no mostrador da biblioteca.

As **renovacións** pódense realizar do mesmo xeito que as solicitudes. Ademais, tamén se poden realizar por teléfono: 881 012 059.

Se os libros que tes prestados fosen solicitados por outro usuario, non poderás renovalos. Terás que devolverlos cando venza o préstamo.

PRÉSTAMO INTERCENTROS

Na nosa biblioteca podes solicitar, recoller e devolver libros doutras bibliotecas da UDC.

SANCIÓNNS

As persoas que non devolvan os libros a tempo serán penalizadas; desde o momento da devolución, non se lles permitirá usar o servizo de préstamo durante tantos días laborais como libros con préstamo vencido e días de atraso teñan acumulados. Por exemplo, se tes 4 libros prestados e atrasaste 5 días en devolverlos, non poderás levar libros en préstamo durante 20 días laborais.

AVISOS

Consulta regularmente o teu correo electrónico da UDC para informarte sobre a chegada ou cancelación de reservas, os recordatorios para renovar os teus préstamos, os cambios nas datas de devolución, etc.

FORMACIÓN

Ao longo do ano, haberá diferentes cursos de formación centrados nas ferramentas, espazos, servizos e recursos de información que a biblioteca universitaria pón a disposición da comunidade universitaria.

En udc.es/biblioteca.ciencias/formacion e nas nosas redes sociais atoparás información actualizada sobre estas actividades formativas.